

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA CELEBRADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2015**

<b>ASISTENTES</b>	
	<b>GRUPO POLÍTICO</b>
<b>ALCALDESA:</b>	
D <sup>a</sup> Leticia Santos Paz	BNG
<b>CONCELLEIROS/AS:</b>	
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D <sup>a</sup> Coral Ríos Santomé	BNG
D. Abel Pérez Guardado	BNG
D <sup>a</sup> Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D. Aldán Santamarina Corral	BNG
D <sup>a</sup> Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. Salvador Meira Corrales	PS de G-PSOE
D. Ezequiel Fernández Cancelas	PS de G-PSOE
D. José Ferverza Costas	PP
D <sup>a</sup> . María Estela Santomé Freire.	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D. José Manuel Juncal Gallego.	PP
D <sup>a</sup> Rosa Solla Veiga	PP
D <sup>a</sup> Raquel Carro Sequeiros	PP
D. Antonio Sánchez Carneiro	PP
D. Francisco Javier Carro Piñeiro	XM
<b>SECRETARIO:</b>	
D. Adamantino Barreiro García	
<b>AUSENTES:</b>	

En Moaña, o 9 de xullo de 2015, xoves, ás 20.30 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión extraordinaria-urxente do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Estando presente o quórum necesario, a Sra. presidenta declara validamente constituída a sesión.

**ORDE DO DÍA**

- 1.- Pronunciamiento do Pleno sobre a urxencia
- 2.- Proposta da Alcaldía sobre creación, composición e réxime de reunións das comisións informativas

**1.- PRONUNCIAMIENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA**

A Sra. presidenta indica que o Pleno debe pronunciarse previamente sobre a urxencia para permitir o funcionamento das comisións informativas.

Intervén don Odilo Barreiro quen manifesta que o seu grupo renuncia á percepción das asistencias deste Pleno. Dona Marta Freire, en nome do seu Grupo, indica que tamén renuncia ás asistencias. Don Francisco Javier Carro indica tamén que renuncia ás asistencias.

Sometido o pronunciamiento sobre a urxencia a votación, é aprobada, por dez votos a favor, os do BNG, PSdeG-PSOE e XM. Os sete membros do PP non manifestan o seu voto.

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE REUNIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

A Sra. alcaldesa dá lectura a súa proposta que literalmente di:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONFORMACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS*

A aprobación do Regulamento orgánico municipal, e especialmente a súa disposición derogatoria, provocan unha situación de baleiro legal que afecta ao inicio do funcionamento das comisións informativas. Por tal motivo, en aras do bo funcionamento e transparencia do Concello, propónse adoptar o acordo que permita o funcionamento a partir da súa aprobación, das comisións informativas.

Débese ter en conta que a composición da actual Corporación e o repartimento das concellarías coincide co número de grupos políticos e repartimento de concelleiros/as por grupo realizado durante a Corporación 2007-2011, na que só varía o grupo independente de INMO polo actual XM, polo que se propón o mesmo repartimento realizado durante a dita Corporación.

Polo tanto, propónse ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte composición das comisións informativas:

1.- COMISIÓN DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO.  
Realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

2.- COMISIÓN DE OBRAS E SERVIZOS, PATRIMONIO E CULTURA: realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

3.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E DE FACENDA, PERSOAL, ENSINO E PARTICIPACIÓN E MOBILIDADE: que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e así mesmo para aqueles outros que non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Realizará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

4.- COMISIÓN DE MOCIDADE, DEPORTES, SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E MULLER:  
Realizará sesión os segundos e cuartos martes de cada mes.

Tendo en conta a participación de todos os grupos municipais e de acordo coa proporcionalidade, cada Comisión Informativa estará composta por 9 membros (incluído o/a presidente/a), correspondéndolle a cada Grupo Municipal:

- Grupo Municipal do PP	3 membros.
- Grupo Municipal do BNG	3 membros.
- Grupo Municipal do PSdeG-PSOE	2 membros.
- Grupo Municipal de XM	1 membro.

Nomearase un suplente por cadanseu membro da Comisión.

Os grupos políticos deberán comunicar por escrito dirixido a Sra. alcaldesa os membros titulares e suplentes compoñentes de cada comisión.

As distintas comisións informativas, na primeira reunión que realicen, deberán propoñer un/unha presidente/a de entre os seus membros, para a súa designación por esta Alcaldía, que dará conta ao Pleno da Corporación dos ditos nomeamentos.

Este acordo producirá efectos dende o día seguinte á súa aprobación polo Pleno da Corporación deste Concello”

Moaña, 8 de xullo de 2015. A alcaldesa, Asdo: Leticia Santos Paz.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación por dez votos a favor, os do BNG, PSdeG-PSOE e XM, e o voto en contra do PP, acorda:

Aprobar a seguinte composición das comisións informativas:

1.- COMISIÓN DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO.

Realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

2.- COMISIÓN DE OBRAS E SERVIZOS, PATRIMONIO E CULTURA: realizará sesión os primeiros e terceiros martes de cada mes.

3.- COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS, E DE FACENDA, PERSOAL, ENSINO E PARTICIPACIÓN E MOBILIDADE: que funcionará para asuntos relativos a estas competencias e así mesmo para aqueles outros que non estean atribuídos a coñecemento doutras comisións. Realizará sesións os segundos e cuartos martes de cada mes.

4.- COMISIÓN DE MOCIDADE, DEPORTES, SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E MULLER: realizará sesión os segundos e cuartos martes de cada mes.

Tendo en conta a participación de todos os grupos municipais e de acordo coa proporcionalidade, cada Comisión Informativa estará composta por 9 membros (incluído o/a presidente/a), correspondéndolle a cada Grupo Municipal:

- Grupo Municipal do PP	3 membros.
- Grupo Municipal do BNG	3 membros.
- Grupo Municipal do PSdeG-PSOE	2 membros.
- Grupo Municipal de XM	1 membro.

Nomearase un suplente por cadanseu membro da Comisión.

Os grupos políticos deberán comunicar por escrito dirixido a Sra. alcaldesa os membros titulares e suplentes compoñentes de cada comisión.

As distintas comisións informativas, na primeira reunión que realicen, deberán propoñer un/unha presidente/a de entre os seus membros, para a súa designación por esta Alcaldía, que dará conta ao Pleno da Corporación dos ditos nomeamentos.

Este acordo producirá efectos dende o día seguinte á súa aprobación polo Pleno da Corporación deste Concello.

➤ Intervén o Sr. José Manuel Juncal quen manifesta que non votan a favor porque este acordo vai consonte coa proposta do ROM e non pode apoiar esta medida. Parécelles ben que funcionen as comisións pero non pode apoiar esta proposta.

A continuación, o secretario dá lectura aos escritos presentados polos distintos grupos políticos nos que se recollen os membros que compoñen as comisións:

Coa data de rexistro 07/07/2015, número 4626, o Grupo do **PP** presentou o seguinte escrito:

O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR - POPULARES de MOAÑA, en nome do seu voceiro D. José Fervenza Costas, polo presente remite escrito de adscrición concreta en cada unha das comisións informativas, consellos escolares e outros órganos colexiados dos representantes do Grupo Municipal do Partido Popular- Populares de Moaña.

COMISIÓN DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE, PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO

VOGAL D. Antonio Sánchez Carneiro

VOGAL D<sup>a</sup>. Estela Santomé Freire

VOGAL D. José M. Juncal Gallego

SUPLENTES

Todos os demais concelleiros do Grupo Municipal.

COMISIÓN DE FACENDA, PERSOAL, ENSINO E PARTICIPACIÓN

VOGAL D. José M. Juncal Gallego  
VOGAL D<sup>a</sup>. Raquel Carro  
VOGAL D<sup>a</sup>. Estela Santomé Freire  
SUPLENTE Todos os demais concelleiros do Grupo Municipa.

COMISIÓN DE OBRAS E SERVIZOS, MOBILIDADE, PATRIMONIO E CULTURA  
VOGAL D. Jorge Santomé Gestido  
VOGAL D<sup>a</sup>. Rosa María Solla Veiga  
VOGAL D. Antonio Sánchez Carneiro  
SUPLENTE  
Todos os demais concelleiros do Grupo Municipal

COMISIÓN DE MOCIDADE, DEPORTES, SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E MULLER  
VOGAL D. José Fervenza Costas  
VOGAL D<sup>a</sup>. Rosa María Solla Veiga  
VOGAL D. Jorge Santomé Gestido  
SUPLENTE  
Todos os demais concelleiros do Grupo Municipal

Coa data 08/07/2015, número 4674, o Grupo do **BNG** presentou o seguinte escrito:  
O Grupo Municipal do BNG-AA pola presente remite escrito de adscrición concreta en cada unha das comisións informativas, consellos escolares e outros órganos colexiados.

Comisión de Urbanismo, Medio Ambiente, Promoción Económica e Turismo  
Vogal: Odilo Barreiro Martínez  
Vogal: Coral Ríos Santomé  
Vogal: Abel Pérez Guardado,  
Suplentes: calquera dos/as demais concelleiros/as.

Comisión de Obras, Servizos, Patrimonio e Cultura  
Vogal: Odilo Barreiro Martínez  
Vogal: Coral Ríos Santomé  
Vogal: Abel Pérez Guardado  
Suplentes: calquera dos/as demais concelleiros/as

Comisión de Facenda, Persoal, Ensino, Mobilidade e Participación  
Vogal: Aldán Santamarina Corral  
Vogal: Leticia Santos Paz  
Vogal: Abel Pérez Guardado  
Suplentes: calquera dos/as demais concelleiros/as

Comisión de Deportes, Mocidade, Benestar social, Igualdade e Muller  
Vogal: Abel Pérez Guardado  
Vogal: Araceli Gestido Rodríguez  
Vogal: Aldán Santamarina Corral  
Suplentes: calquera dos/as demais concelleiros/as

Coa data 08/07/2015, número 4727, o Grupo do **PSdeG-PSOE** presentou o seguinte escrito:  
Marta Freire, en calidade de portavoz do Grupo Municipal Socialista, con DNI 53118458-G, comunico que os representantes socialistas nas comisións informativas distribúense atendendo á seguinte relación:

Comisión de Urbanismo, Medio Ambiente, Promoción Económica e Turismo  
Titulares:  
Don Ezequiel Fernández Cancelas  
Don Salvador Meira Corrales  
Suplente:

Dona Marta Freire Riobó

Comisión de Obras e Servizos, Patrimonio e Cultura

Titulares:

Dona Marta Freire Riobó

Don Salvador Meira Corrales

Suplente:

Don Ezequiel Fernández Cancelas

Comisión Especial de Contas e de Facenda, Persoal, Ensino, Participación e Mobilidade

Titulares:

Don Ezequiel Fernández Cancelas

Don Salvador Meira Corrales

Suplente:

Dona Marta Freire Riobó

Comisión de Mocidade, Deportes, Servizos Sociais, Igualdade e Muller

Titulares:

Don Ezequiel Fernández Cancelas

Don Salvador Meira Corrales

Suplente:

Dona Marta Freire Riobó

O concelleiro da **Coalición Independente por Moaña (XM)**, D. Francisco Javier Carro Piñeiro, formará parte de todas as comisións.

E non tendo outros asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa acorda rematar a sesión ás 20:56 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sra. alcaldesa-presidenta, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº. e praxe  
A alcaldesa

O secretario

Asdo.: Leticia Santos Paz

Asdo.: Adamantino Barreiro García